

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2021

A Deputación de Pontevedra, consciente da importancia do movemento cooperativista e do asociacionismo para o desenvolvemento do sector agrogandeiro provincial, establece as axudas a cooperativas e entidades asociativas para financiar melloras nos servizos prestados para o ano 2021, que se rexerán por estas:

BASES

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto xeral destas bases definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións ás cooperativas da provincia de Pontevedra que outorgue a Deputación, segundo os principios de obxectividade e concorrencia competitiva.

Son actuacións susceptibles de axuda as que apoiem as entidades agrogandeiras en proxectos destinados á recuperación e posta en valor dos recursos agrarios endóxenos de carácter agrícola e gandeiro que teñan como obxecto:

- a) A comercialización, a transformación e a valorización das producións
- b) A formación técnica e o asesoramento para desenvolver proxectos de investigación e innovación tecnolóxica
- c) O uso das novas tecnoloxías, das enerxías renovables e o aforro enerxético
- d) Investimentos para mellorar os servizos que presta a cooperativa:
 - Axudas para a adquisición de terreos para aumentar a base territorial das instalacións cooperativistas
 - Axudas para investir en maquinaria agrícola, obras, construcións, equipamentos, instalacións, reparacións en edificios e os seus accesos
 - Axudas para adquirir equipamentos e sistemas informáticos, mobiliario e outros investimentos que sirvan para mellorar os servizos que prestan estas entidades

As axudas para maquinaria agrícola non serán compatibles con outras para o mesmo fin.



Segunda. Financiamento

Estas axudas contan cun crédito total de douscentos cincuenta mil (250.000,00) euros e convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 21/410.4120.789.00.

A porcentaxe máxima subvencionable será do 50 % do orzamento, sen prexuízo de que sexan compatibles con outras axudas recibidas doutros organismos, e a súa concorrencia en ningún caso poderá superar o custo total do investimento.

Limitacións:

- Importe do orzamento de gastos da actividade: máximo de 75.000,00 €
- Importe da subvención: mínimo de 600,00 € e máximo de 35.000,00 €

Terceira. Exclusións

Non serán obxecto de subvención nesta convocatoria as seguintes actividades:

- a) O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade, segundo o artigo 31.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)
- b) Os gastos referidos a investimentos que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria
- c) As actuacións que non teñan como finalidade a prestación de servizos ás súas persoas socias

Cuarta. Entidades beneficiarias

Poderá solicitar estas axudas calquera cooperativa agrogandeira legalmente constituída da provincia de Pontevedra.

Quinta. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica, coa concesión dun prazo de 10 días



hábiles ao respecto. En todo caso, se tal emenda se efectuase fora do prazo de presentación de solicitudes, limitarase á presentación electrónica do previamente presentado presencialmente en papel, sen que podan engadirse outros documentos ou rectificar os xa aportados.

Isto sen prexuízo da emenda en xeral que, no seu caso, procedese de acordo coas bases ou segundo o art. 68.1 da Lei 39/2015.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Sexta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria e do seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

Sétima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas xurídicas solicitantes
- NIF da persoa representante legal da asociación
- Domicilio fiscal das entidades solicitantes
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.



Oitava. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Copia dos estatutos da entidade
- b) Memoria descritiva do investimento que se vai realizar, na que se especifiquen as características técnicas dos equipamentos, das obras, dos estudos técnicos e do mobiliario, entre outros.

Deberá conter:

- Unha breve descrición do investimento que se vai realizar, que permitirá comprobar que é subvencionable nesta convocatoria
 - O calendario de realización do investimento durante o ano 2021
 - O número de postos de traballo que se van crear, no seu caso
- c) Resumo do balance anual de perdas e ganancias da cooperativa
 - d) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de corenta mil (40.000,00 sen IVE) euros, no suposto de execución de obras, ou de quince mil (15.000,00 sen IVE) euros, no caso de subministracións de bens de equipamento, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes empresas provedoras antes da contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da axuda (artigo 31.3 da LXS). Esta situación deberase acreditar no expediente da subvención concedida.

No caso de realizar obras, as entidades tamén deberán entregar:

- Orzamento da execución por capítulos ou memoria valorada coas unidades de obra desagregadas e co seu prezo unitario
- Acreditación da titularidade do ben sobre o que se vai realizar o investimento ou o acordo de cesión, no seu caso
- Se as obras superasen os cincuenta mil (50.000,00) euros presentarase unha reportaxe fotográfica do estado actual, segundo o establecido no artigo 15.5 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

No caso de adquirir terras:



- Documento de compromiso de adquisición, precontrato ou similar ou acreditación da adquisición cunha copia dixitalizada do documento de compra.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderalles requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria de forma presencial requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda.

Se algún dos documentos que se deban presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos xa entregados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirille á persoa interesada que o presente ou, no seu defecto, que acredite por outros medios os requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Novena. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán efectuarse electronicamente a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.



Décima. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través de Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo primeira. Criterios para a valoración das solicitudes

- a) Número de socias e socios (ata 20 puntos)
- b) Postos de traballo derivados da axuda solicitada e detallados na memoria (ata 20 puntos)
- c) Volume de facturación e marxe de beneficios da cooperativa (ata 15 puntos)
- d) Porcentaxe de mulleres que integran os órganos reitores da entidade solicitante (ata 15 puntos)
- e) Adecuado cumprimento e xustificación de anteriores subvencións recibidas (ata 20 puntos)
- f) Investimentos en proxectos innovadores (ata 10 puntos)



Décimo segunda. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa de Servizo de Medio Ambiente, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos; comprenderá as seguintes actividades ou fases:

- a. Informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios da base décimo primeira e se explique o sistema seguido
- b. Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS

Posteriormente, a comisión de valoración realizará un estudo do informe-proposta da xefa de Servizo das solicitudes de subvención. Este órgano colexiado estará composto por:

- Presidenta: a deputada delegada da área de Medio Ambiente
- Vogais: dúas persoas integrantes do equipo técnico do Servizo de Medio Ambiente e unha do equipo técnico do Servizo de Intervención
- Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Medio Ambiente, que actuará sen voto

A comisión de valoración poderá:

- a) Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver
- b) Emitir un informe con respecto ás solicitudes de subvención

Finalmente, a proposta de resolución elevarase á Xunta de Goberno para a súa aprobación definitiva, segundo o disposto nas Bases de execución do Orzamento provincial e na lexislación vixente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas segundo o previsto no artigo 40 da LPACAP.

Transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender desestimada a solicitude por silencio administrativo.



Décimo terceira. Modificación da resolución

As entidades beneficiarias da subvención poderán solicitar a modificación da resolución de concesión sempre que non se varíe a finalidade establecida para as axudas, non se alteren as puntuacións e contías concedidas ás demais entidades nin se danen os seus dereitos, e axustaranse ao establecido no artigo 64 do Regulamento da LXS (R. d. 887/2006, de 21 de xullo) e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

A solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada e presentarse, en todo caso, antes do 15 de novembro de 2021.

Décimo cuarta. Xustificación e pagamento das subvencións

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizado o investimento ou a actividade, sempre antes do 31 de decembro de 2021, as entidades beneficiarias deberán xustificalas antes do 31 de marzo de 2022.

O prazo para executar as actuacións e os investimentos poderá prorrogarse, en casos debidamente xustificadas, ata un máximo de tres (3) meses, por acordo expreso do órgano competente e previa solicitude por parte das entidades interesadas.

Naqueles casos nos que se conceda a ampliación do prazo de execución, as entidades beneficiarias terán tres (3) meses para a xustificación a partir da finalización do novo prazo.

Unha vez aprobadas as axudas, cos informes previos de Intervención, estas aboaránselles ás entidades solicitantes, previa xustificación das accións realizadas, que deberán adecuarse ao establecido no artigo 30 da LXS e no artigo 24 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, relativa á xustificación das subvencións públicas.

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida, e establecerase unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado (que non debe superar o 20 %).

Para o pagamento da subvención terase en conta o seguinte:

- a) No caso de que se xustifique o 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención



- b) No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 % aboarase a súa parte proporcional

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.

Para cobrar a subvención as entidades receptoras deberán presentar obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>, a seguinte documentación:

- a) Conta xustificativa dos gastos, asinada pola persoa representante legal da entidade beneficiaria, na que se determinará o custo do gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo e na que se poña de relevo que os gastos especificados nela se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda
- b) Xustificación, con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, polo importe da subvención concedida, na que se indique cada factura, o número de unidades, os seus prezos unitarios e o custo total de cada unidade
- c) Acreditación da debida divulgación do financiamento da actividade ou do investimento subvencionado pola Deputación a través de: anuncios en prensa, paxina web, redes sociais ou similares.
- d) Memoria xustificativa na que se detallen as actuacións realizadas
- e) Os documentos TC2 das e dos traballadores, se se crean novos postos de traballo (gasto non subvencionable, só para os efectos de valoración de solicitudes), presentaranse antes e despois de realizar o investimento
- f) Xustificación dos ingresos ou do financiamento obtido para a mesma finalidade
- g) Para cobrar a axuda concedida a entidade receptora deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, situación que determinará de oficio a propia institución provincial
- h) Na xustificación do gasto de obras, se é legalmente necesario, requirirase a achega do proxecto técnico



Décimo quinta. Control e seguimento das subvencións

O importe dos gastos que figuren na conta xustificativa aboaráselles ás empresas proveedoras preferiblemente antes da presentación da xustificación da subvención e, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.

As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar formas de pagamento que se poidan acreditar mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que se identifiquen a entidade ou a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable.

O persoal técnico do Servizo de Medio Ambiente do organismo provincial velará por que se cumpran as condicións esixidas para a concesión das subvencións e para que se realicen correctamente as actuacións previstas. Para iso, efectuaranse as inspeccións e comprobacións oportunas e reflectirase o resultado no correspondente informe. Tamén se solicitará a información considerada necesaria sobre as entidades beneficiarias das axudas.

Décimo sexta. Incumprimentos e responsabilidades

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décima sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Medio Ambiente requiriralle que a entregue no prazo improrrogable de quince (15) días.

O feito de non presentar a documentación neste prazo supoñerá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo sétima. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun (1) mes; entenderase como desestimado se transcorre este período sen recibir resposta. Nese caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, segundo o previsto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous (2) meses. Igualmente, contra esta resolución tamén se poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.



En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda como desestimado.

Décimo oitava. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases rexerá, o artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións, a LXS e demais normativa de aplicación pertinente.

Décimo novena. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

Vixésima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia,.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

